

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA GREGO II (cód. 32)
Curso 2020-2021**

Seguindo as indicacións da CIUG, de forma extraordinaria no curso 2020-2021 manteranse os mesmos contidos, a mesma estrutura de proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2019-2020. Así pois, tal como se pode comprobar no modelo adxunto, o exame constará de tres preguntas e o alumno deberá responder soamente unha desas preguntas.

PREGUNTAS

Cada unha delas versará sobre os seguintes contidos:

1. TEXTO (ata 6 puntos)

Tradución dun fragmento dun texto grego da obra de Xenofonte ou da obra de Platón. Propóranse dous textos dun calquera dos dous autores e un texto do outro. Publicarase na páxina web da CIUG unha selecta de textos concretos que poden ser obxecto da proba este curso.

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

2. MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto)

Poderase escoller entre análise morfolóxica ou análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Na análise morfolóxica haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas.

Na análise sintáctica haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas posibilidades admítese calquera método de análise que sexa correcto.

3. LÉXICO E LITERATURA (ata 3 puntos)

Terá os seguintes contidos

A.- Helenismos: citar e **explicar** algúns exemplos de vocabulario (galego ou castelán) relacionados con tres de varias palabras propostas (ata 1 punto).

B.- Tres temas (haberá que desenvolver só un deles) de *realia* sobre os autores (ata 1 punto).

C.- Catro temas (haberá que desenvolver só un deles) sobre as seguintes obras e autores (ata 1 punto):

- **Homero:** *Ilíada*: cantos 1, 6, 16, 22

- Fragmentos de **Safo, Alceo, Arquíloco**

- **Sófocles:** *Edipo Rei*

- **Aristófanes:** *Nubes*

Santiago de Compostela, outubro de 2020

María José García Blanco

Directora do Grupo de Traballo